

UN NOVO CASO DE DISCRIMINACIÓN EN PONTEVEDRA

O traballo a distancia autorízase só para algúns

Que na Dirección Provincial do SEPE de Pontevedra a lei/normas segue sen ser igual para todos, non é tirar de frases feitas. Ben o conto esta afirmación porque unha vez máis atopámonos como o servizo xurídico da Dirección Xeral do SEPE, deixan en evidencia a xestión ou mellor dito a mala xestión de simples solicitudes administrativas por parte da plantilla que non deberán ter ningunha complicación a hora de resolver.

Caso real dunha oficina:

Solicitan autorización nunha oficina para traballar a distancia en setembro de **2022**. Tras un ano de espera, si ledes ben ¡ UN ANO !, resollen denegando a solicitude por necesidades do servizo en setembro de **2023**, cando o prazo de resolución é de 3 meses.

Engadir que ó non ditar resolución en prazo, o silencio administrativo é positivo e enténdese autorizada a solicitude.

Pola contra, a Dirección Provincial do SEPE de Pontevedra noutras oficinas resolve as solicitudes dentro do prazo, e autoriza facer traballo a distancia incluso dous días a semana.

No caso que nos ocupa a persoa, xa cansa de esperar unha resposta, decide presentar un recurso a Dirección Xeral do SEPE. Recurso que foi ESTIMADO, autorizando como non podía ser doutro xeito, o exercicio do traballo a distancia.

A conclusión que se desprende deste caso é que as necesidades do servizo e os prazos para resolver solicitudes varían segundo de quen se trate.

Desgraciadamente, este non é o único caso no que a Dirección Provincial se retrasa en resolver.

❑ Habrá unha lista negra?

❑ Quén está nesa lista negra?

Esperamos que Iker Jimenez nos quite de dúbidas no seu próximo programa.